



CONCELLO DE REDONDELA

CONVENIO DO CONCELLO DE REDONDELA COA ASOCIACIÓN DAMAN.

En Redondela, a 19 de decembro de 2014.

REUNIDOS

Dunha parte o Alcalde do Iltmo. Concello de Redondela, Don Javier Bas Corugeira, na representación que ostenta en virtude dos artigos 21.1 b) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra, Dona María del Pilar Martínez González, con DNI 35999766M que ostenta a presidencia da Asociación DaMan con CIF G94036282, e enderezo na rúa As Cardosas 13, Redondela, cuxa representación manifesta neste acto.

Ambos recoñécense capacidade, representación e poder suficiente para subscribir o presente convenio, polo que a tal efecto.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que o Concello de Redondela ten competencia en materia de prestación de servizos sociais; todo elo segundo establecen as disposicións transitorias primeira e segunda da Lei 27/13, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local e o artigo 3 e disposición adicional cuarta da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/13, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local..

SEGUNDO.- Que a Asociación DaMan figura inscrita no Rexistro Municipal de asociacións co número 236. Que a Asociación DaMan ten coma fin xenérico a mellora das condicións de vida das Comunidades mais pobres do mundo. Para elo, realiza, entre outras, as seguintes actividades:

- Axuda e intervención sanitaria.

Que sendo os obxectivos sinalados de marcado interese público e social, é propósito de ámbalas dúas partes colaborar na consecución e logro das mesmas polo que subscriben o presente convenio con arranxo ós seguintes

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Que a Asociación DaMan presenta:

- a) Cumprimento dos requisitos do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- b) Declaración de estar ó corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.



- c) Declaración responsable respecto a obriga contida no artigo 25 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003.
- d) Declaración responsable de non ter solicitada nin concedida ningunha outra axuda para a mesma finalidade, ou de telas, declaración das mesmas e que o importe xustificicado supere o importe total das axudas concedidas e/ou solicitadas

SEGUNDO.- A Asociación DaMan ven desenvolvendo ó longo destes anos actuacións relacionadas coa misión referida en prol da xente neste caso do Senegal.

Debido ás características singulares e propias desta labor non é posible encadrar esta subvención dentro dun procedemento de concesión de subvencións de concorrencia.

En virtude do anteriormente exposto, a Asociación DaMan e o Concello de Redondela acordan subscribir un convenio de colaboración con base nas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Que a Asociación DaMan está interesada en recibir un patrocinio por parte do Concello de Redondela co obxecto de poder sufragar parte dos gastos que implica a prestación das actividades que presta ás persoas do seu ámbito de actuación. Patrocinio que se encadra dentro da xa extensa labor, dentro das súas posibilidades, que se realiza por parte do Concello no ámbito da prestación de servizos no ámbito dos servizos sociais e da sanidade.

SEGUNDA.- Que o Concello de Redondela está interesado en mellorar e promover un servizo que axuda a xente cunha situación difícil, todo elo dentro das competencias do Ilmo. Concello de Redondela que se recollen na lexislación xa citada no primeiro expoñendo.

TERCEIRA.- Tal como se establece no punto anterior, estando o Concello de Redondela interesado na promoción dunha actividade sanitaria e de servizos sociais e como se di na exposición segunda, tendo a realización das diversas actividades unha importante repercusión nos devanditos territorios. É por elo que se demostra deste xeito o interese social polo que o Concello de Redondela ven de decidir de asinar un convenio coa Asociación DaMan.

Así, no Orzamento aprobado polo Pleno do Ilmo. Concello de Redondela o 18 de febreiro de 2014 e publicado o 25 de marzo de 2014 no Boletín Oficial de la Provincia recóllese aplicación orzamentaria para o outorgamento da subvención, a 2311A/480.10. Con posterioridade e por Resolución de Alcaldía de data 19 de decembro de 2014, aprobouse outorgar unha subvención por importe de 1.500 € (MIL CINCOCENTOS SEUROS) a cal articularase, atendendo ás peculiaridades da actividade a fomentar, a través do presente convenio para o patrocinio e fomento dos fins de utilidade e interese social antes comentados e de competencia de ambas entidades.



CUARTA.- A Asociación DaMan comprométense a seguir realizando as actividades antes mencionadas, como ata agora o veñen facendo e en concreto a:

- a) Actuacións sanitarias na zona do Senegal, en especial na área oftalmolóxica.
- b) Comprométese a facer constar na publicidade realizada por calquera medio que as actividades e servizos que realice contan coa colaboración do Concello de Redondela.

QUINTA.- Así mesmo comprométese a cumprir coas obrigas dos beneficiarios establecidas na lexislación aplicable que se recollen como anexo deste convenio e en especial a aportar facturas ou documentos substitutivos de facturas, orixinais ou debidamente compulsadas, polo menos, polo importe de 1.500 € (MIL CINCOCENTOS EUROS) co obxecto de verificar que a actividade desenvólvese e que o importe concedido non supera o custe das actividades desenvolvidas. Así mesmo, a xustificación so se poderá referir a gastos realizados para sufragar o obxecto deste convenio. No caso de que ó finalizar o prazo para a xustificación, non se xustificara a totalidade da subvención procederase automaticamente á anulación da subvención polo non xustificadado.

As facturas que se presenten para a xustificación deberán ser emitidas conforme ó establecido legalmente no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro. En caso contrario, a factura non contará para a xustificación. Con carácter xeral, a xustificación terá unha relación directa coas actividades subvencionadas. Os gastos xustificadados non poderán ter o carácter de investimento. No caso de que se presenten copias das facturas, aparte de que estas deberán estar debidamente compulsadas, o beneficiario deberá presentar as facturas orixinais para que sexan seladas polo Concello onde se faga constar que a factura utilizouse para xustificar unha subvención.

En caso de que a xustificación se realice mediante documentos substitutivos de facturas deberá poñerse de manifesto as razóns polas que non se pode xustificar o gasto con facturas. A apreciación deste feito será realizada polo órgano que aprobe a xustificación. En caso de que non este conforme coa xustificación requirirá á Asociación DaMan a que presente outra xustificación de acordo co establecido na lexislación pertinente.

Se a xustificación non alcanza a cantidade mínima necesaria para realizar o pago da cantidade concedida, esta se reducirá proporcionalmente á cantidade xustificada.

Os libramentos dos fondos realizarase a medida que se vaia xustificando o gasto. O prazo máximo para a xustificación será o 23 de decembro.

Así mesmo, coa xustificación da subvención a Asociación DaMan deberá presentar:

1. Memoria detallada da actividade realizada, en que consistiu, e o número de participantes na actividade.
2. Que as facturas se axustan á finalidade recollida no convenio.
3. Que non se atopa en ningún dos supostos establecidos no artigo 13 da LXS ou no artigo 10 da LSG que a inhabiliten para obter a condición de beneficiario da subvención.
4. Certificado de atoparse ó corrente das súas obrigas tributarias co Concello de Redondela.
5. Certificado de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas



tributarias e fronte á seguridade social.

6. Que non ten solicitada nin concedida ningunha outra axuda para a mesma finalidade, ou de telas, declaración das mesmas e que o importe xustificado supere o importe total das axudas concedidas e/ou solicitadas.

7. Unha certificación de atoparse ó corrente do cumprimento da obriga de reintegro de subvencións.

8. Unha declaración de que o custe do IVE que aparece nos documentos que presentan na xustificación non ten carácter de recuperable para a entidade beneficiaria.

Por último a Asociación DaMan comprométese a non participar na concesión de subvencións que podería outorgar o Iltmo. Concello de Redondela conforme ás Bases de subvencións aprobadas no seu día pola Alcaldía ou órgano competente mentres dure a vixencia deste convenio pola mesma actividade que se recolle neste documento.

SEXTA.- O Concello de Redondela responsabilízase de:

- Tramitar a xustificación que presenten no seu momento a Asociación DaMan.

SÉTIMA.- Declárase a compatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais. A sinatura do presente convenio suporá o recoñecemento por parte da persoa que ostenta a representación da Asociación DaMan de que o importe total das subvencións obtidas, incluída á que se refire este convenio, das diferentes Administracións Públicas, non supere o custe das actividade a desenvolver polo beneficiario.

OITAVA.- O corpo normativo aplicable estará formado por:

- A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- A Lei 9/2007, de 25 de xuño, de subvencións de Galicia.
- O Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003.
- A Ordenanza Xeral de subvencións do Concello de Redondela.
- As Bases de Execución do Orzamento do Iltmo. Concello de Redondela.
- Con carácter supletorio o Dereito Administrativo.

NOVENA.- A Asociación DaMan queda expresamente comprometida e coñece todo o establecido nos Títulos II, III e IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións referidas ó reintegro de subvencións, control financeiro de subvencións e



CONCELLO DE REDONDELA

irracións e sancións administrativas en materia de subvencións.

DÉCIMA.- Este Convenio ten carácter administrativo.

Conforme co mesmo o firman as persoas e no lugar e data arriba sinalados por triplicado exemplar.

ALCALDE
DO CONCELLO
DE REDONDELA

Asdo: Javier Bas Corugeira

A PRESIDENTA DA
ASOCIACIÓN
DAMAN

Asdo: María del Pilar Martínez González



Anexo ó convenio no que se recollen as obrigas do beneficiario desta subvención

- 1.- Cumprir o obxectivo, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións de acordo coa memoria presentada.
- 2.- Xustificar ante o Concello de Redondela, o cumprimento dos requisitos e condicións, así coma a realización da actividade e o cumprimento da finalidade pola que se concedeu a subvención.
- 3.- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que podan realizar os órganos de control competentes, aportando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- 4.- Comunicar ó Concello de Redondela a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto coma se coñeza.
- 5.- Acreditar que está ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, na forma que se determine regulamentariamente, e sen prexuízo do establecido na disposición adicional décimoitava da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
- 6.- Dispor dos libros, rexistros e/o documentos debidamente cumprimentados de acordo coa normativa aplicable ó beneficiario ou perceptor, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- 7.- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- 8.- Facer constar naquelas actividades subvencionadas que así o permitan, ca mesma conta coa subvención do Concello. Na publicidade impresa deberá constar o escudo e nome do Concello de Redondela.
- 9.- Proceder ó reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- 10.- Con carácter xeral, deberán desenvolver a actividade subvencionada no termo municipal de Redondela.
- 11.- As persoas xurídicas deberán estar validamente constituídas e rexistradas.

Polo que se refire á xustificación dos gastos é unha das obrigas de todo beneficiario co Concello de Redondela. Con carácter xeral, a xustificación realizarase mediante facturas orixinais ou compulsadas directamente relacionadas co obxecto da



CONCELLO DE REDONDELA

subvención, e no seu caso, correspondentes ó período para o que esta foi concedida. As facturas deberán conter os seguintes datos:

a) Emisión á persoa ou entidade beneficiaria, con especificación do seu N.I.F. ou C.I.F., domicilio fiscal, localidade e código postal e o Departamento ou Servizo destinatario da prestación.

b) Identificación completa do proveedor ou contratista, especificando alomenos, en todo caso, a súa denominación, N.I.F. ou C.I.F., domicilio fiscal, localidade e código postal.

c) Número de factura.

d) Lugar e data de emisión da factura.

e) Descrición suficiente do subministro realizado ou do servizo prestado, con detalle das unidades obxecto do servizo ou subministro, cantidade e prezos unitarios de cada unha delas, contraprestación total, tipo tributario e cota do Imposto sobre o Valor Engadido.

f) Período que corresponda.

